

MEMORIA RESUMO DO PROXECTO “TALLERES DE DEMOSTRACIÓN DO USO DAS TIC’S PARA A INFORMACIÓN E A ORIENTACIÓN UNIVERSITARIA”

Mediante Resolución do 15 de xuño de 2010, da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, publicada no Diario Oficial de Galicia do 30 de xuño de 2010, se estableceron as *bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades sen ánimo de lucro, para actuacións de difusión relacionadas co desenvolvemento da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia*, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) e polo Plan Avanza.

Grazas a unha subvención de 4.367,69 €, a Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais desenvolveu durante o mes de novembro un proxecto de demostración do uso das TICs para a orientación e información Universitaria nas principais cidades universitarias galegas: A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, na que se realizaron visitas de orientación e información a diferentes centros de ensino secundario.

A través dos seus portais web, as Universidades ofrecen unha completa información sobre que se pode estudar e onde facelo, os contidos académicos, recursos académicos on line, profesorado, saídas profesionais, programas de mobilidade, horarios, actividades culturais e deportivas, bolsas e convocatorias de premios e emprego, liñas de I+D e demanda en cada departamento de investigación, etc.

Moitos estudantes descoñecen toda a información e orientación que esta pon a súa disposición e que, mediante as TIC’s, pode aportarlles ao longo de todo o seu percorrido académico.

Deste modo realizáronse uns talleres de demostración do uso das TIC’s no ámbito preuniversitario (estudantes de segundo de Bachelato) mediante o ensino do manexo e potencialidades das ferramentas web. As novas tecnoloxías poden poñer a disposición do alumnado, nun prazo relativamente corto, unhas estratexias e sistemas máis dinámicos, participativos e interactivos nos procesos de aprendizaxe relativos á adquisición de información persoal, académica e ocupacional, nos procesos de toma de decisións e nos itinerarios de inserción socio-laboral.

A formación ao alumno sobre o funcionamento das plataformas virtuais das universidades enfocouse no desenvolvemento de estratexias que lle permitan o uso da información por si só

e a planificación dos procesos de busca, asimilación, organización, análise, etc. como competencias sociais e comunicativas.

Adicionalmente, os alumnos poderán beneficiarse noutros ámbitos deste proceso de familiarización coas plataformas web das Universidades: o manexo cotiá destas webs mostraralles opcións diarias de ocio saudable e cultural, promovendo estilos de vida san: teatro, concertos, obradoiros, recitais, etc. organizados e difundidos mediante as TIC's polas Universidades.

OBXECTIVOS DOS TALLERES DE DEMOSTRACIÓN DO USO DAS TIC'S PARA A INFORMACIÓN E A ORIENTACIÓN UNIVERSITARIA

- Planear a orientación antes da vida universitaria, facilitándose a autonomía persoal no manexo das novas tecnoloxías e as plataformas de información das Universidades, coñecendo de antemán as opcións e as ofertas dispoñibles.
- Situar a orientación mediante o uso das TIC's como un elemento permanente en toda a vida do estudante, e posteriormente, coa súa inserción na vida laboral, polo que ten que familiarizarse dende un principio coas ferramentas orientadoras e as posibilidades que as TIC's teñen na súa traxectoria profesional e persoal.
- Estimular a participación e implicación do alumno na busca de información en soportes diversos, mediante o manexo no uso das novas tecnoloxías, desenvolvendo as súas competencias para obter información nos ámbitos citados.
- Mellorar a calidade do sistema educativo mediante a formación no uso das TIC's e o acceso a información (mellorar o rendemento, paliar algunhas das causas do fracaso escolar...).
- Sintetizar e integrar fontes diversas de información, fomentar o análise crítico da información manexada e mellorar a toma de decisións dos estudantes, creando un criterio máis amplo ante o coñecemento das distintas ofertas académicas e profesionais.
- Sacar a busca de orientación do seu contexto tradicional e levala ás casas, ao espazo cotiá, ás familias.
- Servir de prevención aos diversos problemas que afectan á xuventude (xenofobia, racismo, alcoholismo, drogas...).
- Facilitar o acceso ao emprego, bolsas e mobilidade, mediante os variados taboeiros de ofertas das universidades e o bo uso de internet para a busca de oportunidades.

Para isto redactouse primeiramente material didáctico multimedia que explicara as utilidades existentes en cada unha das plataformas web das universidades da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, para que os estudantes poideran coñecer os recursos que cada Universidade da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal (Universidade do Porto, Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Tras-os-Montes e Alto Douro, Universidade do Minho, Universidade de Vigo) poñen a súa disposición mediante internet: posibilidades de estudio, I+D, bolsas de emprego, mobilidade, oferta de ocio san, etc .

Con este material didáctico ofrecéronse talleres de dúas horas de duración, que se desenvolveron no mes de novembro, e nos que se fixeron demostracións de todas utilidades de cada unha das páxinas web universitarias. Estes talleres foron ofertados mediante mailing masivo a IES de toda Galicia. Adicionalmente, estes talleres foron publicitados mediante prensa escrita (La Voz de Galicia, Faro de Vigo, Correo Galego), e déuselle difusión mediante a páxina web do CEER (<http://fceer.org>) e as súas listas de distribución e redes sociais en facebook e twitter.

Tanto o material didáctico, dispoñible na web, como os talleres e a publicidade foron realizados na súa totalidade en idioma galego.



VIMACIÓN Plano de 'Holy Night!', nuevo proyecto de Dygra. Foto: G.

**ómez dice que podría
strenar su nuevo largo esta
avidad en 400 salas pero
refiere dejarlo para 2011**

ontinental, Ficción, Abano
Galaxia han completado la
presentación del Clúster
udiovisual Galego en Ficod

po de la distribución, señala que en esa área se abren nuevas vías que "favorecen que los grandes grupos disfruten de un control absoluto de este proceso, dejando fuera de las salas a muchos productores independientes".

La presencia de Dygra Films en Ficod, macroferia que ha reunido a unos 15.000 profesionales del sector, ha estado ligada a la del Clúster Audiovisual Galego (Clag), donde también figuran Ficción Producciones, Continental Producciones, Abano Producciones y Editorial Galaxia; acción que ha contado con la colaboración del Instituto Galego de Promoción Económica (Igappe).
tendencias@elcorreoagallego.es
dygrafilms.es

z-Santullano rá el lunes en Obradoiro

Mañana lunes, en *le saestre*, programa o de Radio Obradoiro (2.1 FM), se entre- los alcaldes de rtiño Noriega, y ubra, Juan Ma- eato. Dicho forma- én analizará la ad de Santiago con roz del PSOE en farta Álvarez-San-
REDACCIÓN

LO MÁS VISTO EN LA WEB

- 1 La borrasca azotará con rayos, granizo e intensa lluvia al norte
- 2 Dolor en Cee por el fallecimiento de Suso Insua, ex jugador de la SD
- 3 Avalancha de listas 'indies' en el área de Compostela
- 4 Galicia se consolida como potencia eólica tras adjudicar 2.325 megavatios
- 5 Bajada salarial a 4 agentes por poner pocas multas
- 6 Oporto ganó más de medio millón de viajeros con 10 líneas de Ryanair
- 7 Homenaje al comandante Eceiza
- 8 Fito y Fitipaldis, llenazo de impresión

CIBS. MIENTRAS TANTO, LA NUEVA SECRETARÍA DEL CONCELLO DE SANTALLA, CELIA, MUESTRA SUS CARTAS A TOMÁS y ahora el hijo del indiano jugará con ventaja frente a Pedro, si bien tendrá que saber utilizar sus bazas para favorecer la sociedad del invernadero y continuar su intrigante relación con Celia.

dato de seguimiento obteni- do por la serie 'Libro de familia' el pasado domingo tras convocar a 171.000 espectadores en la franja de máxima audiencia de TVG, dato superior a la media del canal durante esa jornada (10,1).

TALLERES DE DEMOSTRACIÓN DO USO DAS TIC'S PARA A INFORMACIÓN E A ORIENTACIÓN UNIVERSITARIA. "APRENDER A APRENDER"

A Fundación Centro de Estudios Eurorrexionais (<http://fceer.org>) desenvolverá nés próximas semanas uns talleres de demostración do acceso á información virtual das Universidades: orientación e información sobre titulacións, recursos académicos on-line, residencias para o alumnado, servizo de deportes, servizo de cultura (ofertas de ocio saudable), bolsas, convocatorias de investigación, programas de mobilidade, convenios de cooperación educativa para a realización de prácticas en empresa, servizos de apoio ao emprendemento e ao emprego, orientación académica e laboral, etc.

O material desenvolvido para estes talleres será publicado e poderase descargar na páxina web: <http://usodaswebs.wordpress.com>

Proxecto cofinanciado



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica

PLAN AVANZA2.0



Exemplo de anuncio que foi publicado no diario Faro de Vigo o 21 de novembro. Do mesmo xeito publicitouse no Correo Galego e na Voz de Galicia.

A resposta dos Institutos de Secundaria foi moi boa, e debido ao tempo restrinxido para a execución do Proxecto tivemos que limitar o número de xornadas impartidas (algún Instituto, por exemplo, solicitaron como datas idóneas para a celebración dos talleres as posteriores á data límite para a súa execución).

Para tratar de solucionar isto, e debido ao interese que suscitou o material didáctico en Centros de Secundaria e outras entidades, a Fundación CEER puxo a disposición na páxina web <http://usodaswebs.wordpress.com> o material multimedia elaborado para o proxecto, que pode consultarse na pestana: <http://usodaswebs.wordpress.com/guias-das-web-das-universidades/>.



Esta obra está baixo unha licenza Creative Commons.